



## Convocatoria para participar no Programa Atrévete 2015/16



Este programa que se desenvolve no marco do Plan **eduemprende** vai dirixido a fomentar, motivar e sensibilizar ao alumnado de educación primaria e educación secundaria obrigatoria no espírito emprendedor.

### Quen o organiza?

Esta acción establécese dentro dun ámbito de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e diferentes asociacións empresariais en favor do impulso da cultura emprendedora entre o alumnado e darlle a coñecer ao tecido empresarial da súa contorna.

### OBXECTIVO:

O obxectivo deste programa é dar a coñecer ao alumnado directamente e a través do profesorado o tecido industrial da súa contorna, en concreto as empresas das diferentes asociacións empresariais colaboradoras, e sensibilizar á comunidade educativa da importancia de construír e fomentar unha nova cultura emprendedora.

### DESTINATARIOS:

Alumnado de 5º/ 6º de Educación Primaria e 1º / 2º de Educación Secundaria Obrigatoria dos centros educativos sostidos con fondos públicos.

### NÚMERO DE PRAZAS:

O número máximo de alumnos/as por centro y visita será:

- 5º e 6º de Educación Primaria: máximo 50
- 1º e 2º de Educación Secundaria Obrigatoria: máximo 50

\*Este número de alumnos/as poderá variar en función da empresa visitada

### CALENDARIO DO PROGRAMA:

- **Xornadas de fomento do emprendemento para 1º e 2º curso de Educación Secundaria**  
Desenvolveranse todos os venres dende novembro de 2015 ata maio de 2016. Os centros poderán solicitar a súa participación nun destes venres.
- **Actividades de fomento do emprendemento para 5º e 6º de Educación Primaria:**  
Desenvolveranse todos os venres dende novembro de 2015 ata maio de 2016. Os centros poderán solicitar a súa participación nun destes venres.
- **Concurso “Atrévete a ter unha idea”:**  
Dirixido ao alumnado participante neste programa. Consiste en buscar unha boa idea de negocio, redactada como máximo en dous folios. Os traballos serán individuais.



En xuño levarase a cabo a clausura do programa nun acto público ao que estarán invitados representantes do mundo da empresa e da Administración educativa.

<b>ACTIVIDADES DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO 6º PRIMARIA</b>	
09.50h	Chegada ao Centro Integrado de Formación Profesional de referencia
10.00h	Benvida
10.10h	Charla: Qué é emprender?
11.10h	Experiencias emprendedoras na comarca (Empresarios/Representantes da Asociación de Empresarios)
11.30h	Visita ao Centro Integrado de Formación Profesional

<b>XORNADAS DE FOMENTO DO EMPRENDEMENTO 2º ESO</b>	
10.00h	Benvida dos representantes da Asociación de Empresarios
10.30h	Reunión cun emprendedor ou emprendedora
11.00h	Visita a unha empresa da Asociación de Empresarios

**\* O remate da actividade dependerá da empresa visitada**

**LUGAR:**

<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 6º Primaria</b>	<b>XORNADAS 2º ESO</b>
A CORUÑA	CIFP SOMESO (A Coruña)	Asociación de Empresarios do Polígono de Sabón-Arteixo (A Coruña) Visita á empresa
	CIFP Ferrolterra (Ferrol)	Asociación de Empresarios de Ferrolterra (Ferrol) Visita á empresa
	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela)	Área Empresarial do Tambre (Santiago de Compostela) Visita á empresa
<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 6º Primaria</b>	<b>XORNADAS 2º ESO</b>
LUGO	CIFP Politécnico de Lugo (Lugo)	Confederación de Empresarios de Lugo Visita á empresa
<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 6º Primaria</b>	<b>XORNADAS 2º ESO</b>
OURENSE	CIFP A Farixa (Ourense)	Asociación á Asociación de Empresarios do Polígono de Barreiros Visita á empresa
<b>PROVINCIA</b>	<b>ACTIVIDADES 6º Primaria</b>	<b>XORNADAS 2º ESO</b>
PONTEVEDRA	CIFP Manuel Antonio (Vigo)	Consortio Zona Franca de Vigo Visita á empresa



## **SOLICITUDE:**

As solicitudes enviaranse ao enderezo electrónico [eduemprende@edu.xunta.es](mailto:eduemprende@edu.xunta.es) co seguinte asunto: **PROGRAMA ATRÉVETE 2015-2016**

O prazo de solicitude remata o **15 de outubro de 2015**.

Na solicitude debe figurar os seguintes datos:

- Denominación do centro
- Persoa de contacto
- Teléfono de contacto
- Número de alumnos/as participantes
- Curso
- Data de preferencia
- Enderezo electrónico de contacto

\*Adxudicarase unha visita por nivel. No caso de que queden prazas vacantes poderase adxudicar máis dunha visita. Na solicitude deberán figurar obrigatoriamente todos os datos que se indican anteriormente.

## **SELECCIÓN DOS CENTROS:**

Os centros seleccionaranse segundo a orde de entrada da solicitude no enderezo sinalado tendo en conta que se asignará unha visita por nivel.